

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ARANGA

Edicto.

Ramón Quintián Santamariña solicita desta alcaldía licenza municipal para a ampliación e reforma de explotación de vacún de leite que se situará en Congostro, nº 1, da parroquia de Aranga, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Aranga, 2 de agosto de 2010.

Manuel Brañas Abad
Alcalde

CONCELLO DE CURTIS

Anuncio.

Carburantes de Teixeira, S.L., solicita licenza para modificación do proxecto de construción dunha nave industrial por cambiar a actividade de almacén de materiais de construción pola actividade centro de xestión ambiental de residuos, no polígono industrial de Curtis, Teixeira, parcela D-29.

Conforme o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, sométese a información pública por período de 20 días que comezará a contar desde o día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

Curtis, 11 de agosto de 2010.

Javier Francisco Caínzos Vázquez
Alcalde

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

Edicto.

Gabriel Suárez Pereira solicita licenza municipal desta alcaldía para acondicionamento de local e actividade para panadería-cafetaría, que se situará na avda. da Ponte nº 80 baixo, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, co fin de que durante ese

período, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP de Pontevedra e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente, na Secretaría do Concello, as persoas que se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

Illa de Arousa, 18 de agosto de 2010.

José Manuel Vázquez Vázquez
Alcalde

c) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

Anuncio de contratación de servizos para feiras e certames 2011.

Anúnciase a contratación de servizos para feiras no recinto feiral da fundación, en Silleda (Pontevedra), durante o ano 2011, que seguidamente se relacionan, a teor das follas de especificacións, dos pregos de condicións e dos pregos de prescricións técnicas formulados por esta fundación, que poderán ser examinadas polas persoas e empresas interesadas na páxina web www.feiragalicia.com ou directamente na sede administrativa no recinto feiral, en Silleda (Pontevedra). As proposicións dos interesados, axustadas ás ditas especificacións e pregos, poderán presentarse na sede da fundación, dentro do prazo máximo de quince días naturais seguintes á publicación deste anuncio.

Os servizos que se van contratar son os seguintes:

-Referencia: 6006/2011-01: montaxe de postos, moqueta, tarima, carpas, mobiliario, complementos e prestación de servizos accesorios. Orzamento máximo de licitación: 200.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2011-02: servizo de seguridade xeral do recinto feiral e particular para cada certame feiral e congresual. Orzamento máximo de licitación: 250.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6006/2011-03: servizo de limpeza xeral e recollida de R.S.U. Orzamento máximo de licitación: 120.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6000/2011-04: servizo de limpeza de oficinas e instalacións empregadas polos traballadores da *Fundación Semana Verde de Galicia*. Orzamento máximo de licitación: 32.000 euros máis IVE.

-Referencia: 6000/2011-05: servizo de asistencia técnica na xestión e mantemento do sistema de depuración da E.D.A.R. do recinto Feira Internacional de Galicia. Orzamento máximo de licitación: 20.000 euros máis IVE.

Silleda, 17 de setembro de 2010.

Paloma Hidalgo López
Directora xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia*